

Orde do 16 de febreiro de 2011 pola que se autoriza a inclusión da Escola de Música Municipal de Meaño (Pontevedra) no Rexistro de Escolas de Música e Danza da Comunidade Autónoma de Galicia.

O Concello de Meaño solicita a inscrición da Escola de Música Municipal no Rexistro de Escolas de Música e Danza da Comunidade Autónoma de Galicia de conformidade coa Orde do 11 de marzo de 1993, que regula as condicións de creación e funcionamento destas escolas na Comunidade Autónoma de Galicia.

Logo de realizar os trámites que establece a normativa vixente, a Xefatura Territorial desta consellería de Pontevedra envía o expediente cos correspondentes informes.

Cumpridos todos os trámites regulamentarios e tendo en conta o anteriormente exposto, por proposta da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos,

DISPOÑO:

Primeiro.-Autorizar a inclusión no Rexistro de Escolas de Música e Danza da Comunidade Autónoma de Galicia da Escola de Música Municipal que se sinala:

Provincia: Pontevedra.

Concello: Meaño.

Localidade: Meaño.

Domicilio: rúa Campo da Feira, 1. CP 36968.

Código do centro: 36024801.

Titular: Concello de Meaño.

Denominación: Escola de Música Municipal de Meaño.

Segundo.-Esta escola queda sometida ao réxime de escolas de música e danza, segundo o establecido na Orde do 11 de marzo de 1993 e aos servizos de inspección correspondentes.

Terceiro.-O centro deberá solicitar a oportuna revisión da inscrición cando teñan que modificarse calquera dos datos sinalados nesta orde.

Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular recurso potestativo de reposición ante esta consellería, no prazo de un mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116º e 117º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben, directamente, o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses desde a mesma data, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 46º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2011.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación
e Ordenación Universitaria

Orde do 4 de marzo de 2011 pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega e se procede á súa convocatoria (ED115A).

A Constitución española establece no artigo 3º que «As outras linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades autónomas de acordo cos seus estatutos», ademais de recoñecer que as linguas de España son un patrimonio cultural que deberá ser obxecto de respecto e protección.

En consonancia coa Constitución, o Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 5º dispón que «A lingua propia de Galicia é o galego» e que «Os poderes públicos de Galicia garantirán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa ...».

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, no artigo 2º, reitera este mandato, concretando que «Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal do galego e do castelán, linguas oficiais da Comunidade Autónoma galega». E establece no seu artigo 4º.1 que «O galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da comunidade autónoma, da súa Administración local e das entidades públicas dependentes da comunidade autónoma».

Ademais, no artigo 6º.4 prevé que «a Xunta ditará as disposicións necesarias para a normalización progresiva do uso do galego. As corporacións locais deberán facelo de acordo coas normas recollidas nesta lei».

No artigo 22º sinala que «o Goberno galego asumirá a dirección técnica e o seguimento do proceso de normalización da lingua galega; asesorará a Administración e os particulares e coordinará os servizos encamiñados a conseguir os obxectivos desa lei», e o seu artigo 25º «o Goberno galego e as corporacións locais dentro do seu ámbito fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras».

A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, no artigo 7º, números 1 e 3, dispón, respectivamente, que «o galego, como lingua propia de Galicia, é tamén da súa Administración local» e que «a Xunta de Galicia impulsará o proceso de incorporación da lingua galega na Administración local».

Así mesmo, o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o día 22 de setembro de 2004, contén, entre outros, os seguintes obxectivos referidos á Administración local:

É necesario consolidar o papel normalizador das corporacións locais e das deputacións por medio da xeneralización do uso do galego como principal lin-

gua de traballo e comunicación cos seus administrados.

Cómpre incluír a promoción do galego no concepto de servizo que o concello e a comarca lle ofrecen ao cidadán, tanto directamente como a través das empresas subcontratadas.

Hai que poñer os medios para que todo traballador ao servizo directo ou indirecto da Administración local ou comarcal teña unha actitude favorable ao emprego da lingua propia de Galicia, coñecemento oral e escrito suficiente para atender nesa lingua o cidadán que o desexe e que teña tamén práctica habitual na oferta positiva.

É necesario darlle continuidade á convocatoria de subvención para a promoción do galego nas entidades locais e Galicia, incidindo no fomento de actuacións que garantan unha maior proxección e visibilidade da lingua galega, non só no ámbito administrativo, senón fundamentalmente na acción destinada ao conxunto da sociedade.

Esta norma ten, ao igual que a que a precedeu, a pretensión de favorecer a coordinación na tarefa normalizadora e de introducir pautas axeitadas para a planificación da actividade de dinamización social do galego.

Enténdese a dinamización lingüística como o proceso de promoción da lingua, que se leva a cabo mediante o emprego integrado de todas as actividades que faciliten este proceso (formación, elaboración do corpus, sensibilización lingüística, etc.), co obxectivo de incrementar o uso e o prestixio da lingua galega en toda a sociedade.

A Secretaría Xeral de Política Lingüística, consciente da necesidade de promover a coordinación en materia de dinamización lingüística entre as diferentes entidades e administracións, está a desenvolver liñas de actuación e medidas para aumentar a efectividade das actuacións dinamizadoras dirixidas á sociedade.

A Administración local constitúe unha vía de dinamización lingüística prioritaria, por tratarse da organización administrativa que máis próxima e directamente lle transmite a acción pública á cidadanía. Permite a aplicación de medidas de intervención directa na presenza social á lingua de xeito uniforme, atendendo á poboación e ao territorio, e favorecendo tamén a planificación individualizada para cada zona, segundo as súas particularidades sociolingüísticas.

Na súa intención de contribuír á materialización destes obxectivos, a Secretaría Xeral de Política Lingüística creou a Rede de Dinamización Lingüística, a través da Orde do 14 de setembro de 2010, publicada no DOG nº 182, do 21 de setembro, dirixida a fomentar a dinamización e a cooperación entre as distintas entidades locais, coa finalidade de

potenciar o proceso de extensión do uso do galego de xeito coordinado e planificado.

A Rede de Dinamización Lingüística busca favorecer a colaboración e a acción conxunta e coordinada entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística e as entidades locais integradas nesta rede, que permita intercambiar experiencias e sumar esforzos, así como evitar a duplicidade de tarefas semellantes entre diferentes administracións e outras organizacións que actúan na promoción do uso da lingua galega.

Para darlle cumprimento aos obxectivos da rede e apoiar as entidades locais de Galicia, no labor de normalización lingüística das súas estruturas administrativas e de prestación de servizos lingüísticos demandados pola cidadanía, esta secretaria xeral convoca axudas económicas que reforcen e posibiliten a prestación dos ditos servizos na maior parte do territorio galego.

Esta convocatoria pretende impulsar e apoiar, mediante os agrupamentos, a prestación de servizos lingüísticos e a dinamización social da lingua galega naqueles concellos que, por posúen unha poboación inferior aos 3.000 habitantes, poden atopar importantes dificultades para desenvolveren estas tarefas, dada a limitación dos seus recursos.

Á Secretaría Xeral de Política Lingüística, de conformidade co establecido no artigo 6º do Decreto 332/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, compétenlle, entre outras funcións, o impulso de propostas normativas que potencien a normalización lingüística e o fomento do uso da lingua galega, así como o fomento das actividades de normalización e promoción da lingua galega nas administracións públicas.

Na súa virtude,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Artigo 1º.-*Obxecto da convocatoria.*

A Secretaría Xeral de Política Lingüística convoca axudas, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a fomentar a prestación dun servizo lingüístico, mediante a súa creación, ou o mantemento ou reforzamento dos existentes, ou a promover a planificación e o desenvolvemento de programas de dinamización da lingua galega, en concellos ou en agrupacións de concellos con poboación igual ou superior aos 3.000 habitantes.

Artigo 2º.-*Orzamento.*

O financiamento das axudas farase con cargo á partida orzamentaria 09.03.151A.460.0 por unha contía inicial máxima de 420.000 €, sen prexuízo de ulteriores variacións producidas como consecuencia de modificacións orzamentarias.

Artigo 3º.-Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarias as entidades locais de Galicia.

No caso dos agrupamentos de concellos para a realización dun proxecto común, as entidades integrantes nomearán un representante único que actuará como coordinador e interlocutor coa Secretaría Xeral de Política Lingüística e que será o receptor da asignación económica.

Quedan excluídas do ámbito de aplicación desta orde as deputacións provinciais.

As entidades locais ás cales lles fose concedida e percibisen unha axuda para a creación dun servizo lingüístico en virtude da convocatoria anterior, non poderán acceder a unha axuda para a creación dun servizo lingüístico nesta convocatoria.

Artigo 4º.-Modalidades de axuda.

1. As modalidades que adoptan estas axudas son as que a seguir se indican:

1.-Creación dun servizo lingüístico dun concello.

2.-Creación dun servizo lingüístico dun agrupamento de concellos.

3.-Mantemento ou reforzamento dun servizo lingüístico dunha entidade local (concello ou agrupamento de concellos).

4.-Desenvolvemento de dinamización lingüística dunha entidade local carente de servizo lingüístico (concello ou agrupamento de concellos).

Tendo en conta que a prestación de servizos lingüísticos implica a planificación e o desenvolvemento de actividades de dinamización lingüística, todas as modalidades de axuda incluírán a súa realización ao abeiro desta convocatoria.

2. Para os efectos desta subvención considéranse:

Servizo lingüístico: departamento técnico inserido na entidade local, dotado de recursos materiais e humanos, que ten as funcións de planificar, xestionar, executar e avaliar medidas e accións co obxectivo de incrementar o uso da lingua galega en todos os ámbitos de actuación da organización, tanto interna como externamente.

Creación dun servizo: contratación de persoal técnico en entidades locais que na data de publicación desta orde non estean dotadas de servizo lingüístico e, polo tanto, non contén con persoal contratado para este fin.

Mantemento dun servizo: dotación de continuidade a un servizo lingüístico en funcionamento na data de publicación desta convocatoria de subvencións.

Reforzamento dun servizo: incorporación de máis persoal técnico, mediante a súa contratación, a un servizo lingüístico xa existente na data de publicación desta convocatoria.

As entidades locais ás cales en virtude desta orde de subvencións lles sexa concedida e perciban axuda para a creación dun servizo lingüístico non poderán acceder a outra axuda para a creación dun servizo nas dúas próximas convocatorias.

3. Poderán ser obxecto de subvención as actividades realizadas entre o 1 de xaneiro e o 15 de outubro de 2011.

Artigo 5º.-Perfil técnico do servizo lingüístico.

A actividade dos servizos lingüísticos locais deberá/n desenvolvela un/unha ou varios/as técnicos/as que posúa/n as seguintes titulacións:

a) Licenciatura de filoloxía galego-portuguesa, filoloxía galega ou filoloxía hispánica (sección galego-portugués) ou outras titulacións superiores pertencentes á área de humanidades ou de ciencias xurídicas e sociais, sempre que estean en posesión do certificado de lingua galega do nivel 5 (Celga 5).

Estes profesionais deberán ter a categoría profesional de licenciados/as.

b) No caso das entidades que soliciten subvención para o mantemento dun servizo lingüístico e o creasen con anterioridade ao ano 2007, poderán acceder ás subvencións aqueles que contén con persoal fixo que posúa a titulación de mestre/a con diploma de especialista en lingua galega ou co certificado do curso superior de linguaxe administrativa, ou as licenciaturas e graos previstos na letra a) deste artigo.

Ademais destes requirimentos de titulación, valoráranse os coñecementos en linguaxe administrativa, en sociolingüística e en dinamización social, así como as formacións de posgrao en planificación lingüística.

Artigo 6º.-Uso da lingua galega.

Todas as actividades que se realicen ao abeiro desta orde faranse en galego e ateranse, no tocante á normativa e ao uso correcto do idioma, ao establecido pola Real Academia Galega na sesión plenaria do 12 de xullo de 2003, tal e como determina a disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.

Artigo 7º.-Funcións do servizo lingüístico.

Os servizos lingüísticos desenvolverán o seu labor tanto no aspecto lingüístico como no sociolingüístico no espazo local.

O obxectivo principal dos servizos lingüísticos debe ser o de incrementar o uso e o prestixio da nosa lingua en todos os ámbitos do termo municipal, non só no seo da propia Administración.

En xeral, as funcións que terán os servizos lingüísticos, tanto internas coma externas, entre outras, son as seguintes:

a) Funcións internas:

-Asesorar a Administración en todo o relacionado coa promoción da lingua galega.

-Colaborar coa Administración para determinar os perfís lingüísticos necesarios para cada un dos postos de traballo e colaborar nas probas e procesos selectivos para que se avalíen convenientemente os coñecementos lingüísticos por parte dos/as aspirantes.

b) Funcións de dinamización lingüística:

-Planificar, xestionar, executar e avaliar accións a prol da lingua galega no ámbito de influencia da entidade.

-Fomentar o uso do galego no ámbito socioeconómico e, en xeral, en todos os sectores de importancia para a súa repercusión social.

-Promover e coordinar redes de traballo para o fomento do uso do galego no ámbito asociativo, educativo e empresarial, no ámbito local.

-Planificar e propoñer programas dinamizadores e actividades concretas que conciencien a sociedade respecto do uso da lingua galega.

c) Funcións de formación sociolingüística:

-Planificar, xestionar, coordinar e difundir a realización de cursos de lingua galega, xerais e específicos, para a poboación en xeral ou para sectores concretos.

-Difundir entre a cidadanía materiais que contribúan á tarefa de promover a extensión do uso do galego: dereitos lingüísticos, lexislación e recursos lingüísticos.

-Colaborar no deseño de programas de formación para garantir a presenza do galego e de contidos favorables á mellora de actitudes lingüísticas no ámbito local.

-Funcións de asesoramento lingüístico interno:

-Mellorar a calidade lingüística e comunicativa da Administración.

-Definir e propoñer criterios lingüísticos para a organización.

-Resolver dúbidas lingüísticas.

-Elaborar e recomendar materiais específicos, atendendo ás necesidades dos departamentos.

d) Funcións de coordinación:

-Apoiar a difusión das accións dinamizadoras desenvolvidas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.

-Coordinarse, de ser o caso, coa Rede de Dinamización Lingüística para planificar, xestionar, executar e avaliar accións de fomento do uso do galego, de acordo cos criterios e as pautas de traballo establecidas pola coordinación técnica da propia rede.

CAPÍTULO II

DA CONVOCATORIA PÚBLICA

Artigo 8º.-*Lugar e prazo de presentación de solicitudes.*

1. As entidades locais que desexen acollerse aos beneficios desta convocatoria deberán formalizar a súa solicitude no modelo normalizado que se publica como anexo a esta orde e que se poderá obter, así mesmo, na web institucional da Secretaría Xeral de Política Lingüística no seguinte enderezo:

<http://xunta.es/linguagalega>, ou no portal dos concellos Eido Local (<http://www.eidolocal.es/portal>).

2. As solicitudes, no anexo oficial, xunto coa documentación correspondente, presentaranse no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia ou por calquera outro dos medios a que se refire o artigo 38º.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no Decreto 164/2005, do 16 de xuño, polo que se regulan e determinan as oficinas de rexistro propias ou concertadas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, se crea o rexistro telemático da Xunta de Galicia e se regula a atención ao cidadán, ou segundo establece o Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos, no portelo electrónico 24x7 da Xunta de Galicia, así como no establecido na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos e no Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes (DOG nº 241, do 17 de decembro de 2010).

3. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 9º.-*Documentación.*

1. Xunto coa solicitude remitirase a seguinte documentación:

a) Proxecto descritivo da modalidade para a que se solicita a subvención, no cal consten todos os datos referidos a el. Debe incluír orzamento de gastos, total e detallado por conceptos de gasto, previsto para a realización das accións para as que se solicita a axuda (anexo II).

b) Certificación expedida polo/a secretario/a xeral da entidade local, relativa ao acordo, adoptado polo órgano competente, polo que se decide a solicitude da subvención para a dinamización lingüística e se aceptan as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nesta convocatoria.

c) Declaración de conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto,

das distintas administracións públicas competentes ou doutros entes públicos.

d) Declaración de que a entidade non está incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

e) De ser o caso, documento acreditativo do acordo de agrupamento realizado polo Pleno ou pola Xunta de Goberno de cada concello agrupado, así como do nomeamento dun/ha representante único/a, que actuará como coordinador e interlocutor coa Secretaría Xeral de Política Lingüística.

f) No caso de entidades supramunicipais xa formadas, deberán presentar a solicitude desde esa entidade.

2. Desestimaranse automaticamente as solicitudes que non se axusten estritamente aos requisitos dos números anteriores e os expedientes arquivaranse sen máis trámite.

3. Se a solicitude non reunise os datos de identificación ou algún dos aspectos previstos no artigo 70º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, requirírase a entidade ou o solicitante, de conformidade co establecido no artigo 71º da dita lei, para que nun prazo de 10 días emende as faltas ou xunte os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, se lle terá por desistido na súa petición, cos efectos previstos no artigo 42º da mesma lei.

CAPÍTULO III

DA INSTRUCCIÓN DO PROCEDIMENTO

Artigo 10º.-*Instrución do procedemento.*

O procedemento que se seguirá na tramitación e instrución dos expedientes será o establecido nos artigos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o do seu desenvolvemento, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 11º.-*Criterios de avaliación das solicitudes.*

Na avaliación das solicitudes teranse en conta os seguintes criterios:

1. Creación dun servizo lingüístico nun concello: ata 90 puntos.

a) Pola pertenza do concello á Rede de Dinamización Lingüística: ata 25 puntos.

a.1) Por presentar a solicitude de adhesión á rede na data de presentación desta solicitude de subvención: 15 puntos.

a.2) Por estar o concello integrado na Rede de Dinamización Lingüística na data de publicación desta orde: 25 puntos.

b) Por poboación igual ou superior aos 3.000 habitantes: ata 15 puntos.

b.1) De 3.000-10.000 habitantes: 5 puntos.

b.2) De 10.001-30.000 habitantes: 10 puntos.

b.3) De 30.001 habitantes en diante: 15 puntos.

c) Por consideración estratéxica do servizo lingüístico (territorios especialmente desgaleguizados, segundo os últimos datos de coñecemento e uso do galego da Enquisa de condicións de vida das familias publicados polo Instituto Galego de Estatística, ou territorios considerados de especial interese para a cobertura uniforme de Galicia): ata 20 puntos.

d) Pola programación de dinamización lingüística: ata 30 puntos.

d.1) Por implicar e colaborar, cando menos no 60% dos programas presentados, con outras entidades que teñan incidencia no ámbito local cuxas achegas supoñan beneficios e/ou melloras na consecución dos obxectivos: 10 puntos.

d.2) Pola súa incidencia nos ámbitos establecidos como prioritarios nesta orde: ata 10 puntos.

d.3) Pola súa adecuación aos obxectivos de promoción do uso e dinamización social da lingua galega establecidos nesta orde: ata 10 puntos.

2. Creación dun servizo lingüístico de dous ou máis concellos agrupados (ata 100 puntos).

a) Pola pertenza dos concellos agrupados á Rede de Dinamización Lingüística: ata 25 puntos.

a.1) Por presentaren os concellos a solicitude de adhesión á rede na data de presentación desta solicitude de subvención: ata 15 puntos.

a.2) Por estar/en o/os concello/os integrado/os na Rede de Dinamización Lingüística na data de publicación desta orde: ata 25 puntos.

b) Por incluír no agrupamento un concello de poboación inferior aos 3.000 habitantes: 25 puntos.

c) Por consideración estratéxica do servizo lingüístico (territorios especialmente desgaleguizados, segundo os últimos datos de coñecemento e uso do galego da Enquisa de condicións de vida das familias publicados polo Instituto Galego de Estatística, ou territorios considerados de especial interese para a cobertura uniforme de Galicia): ata 20 puntos.

d) Pola programación de dinamización lingüística: ata 30 puntos.

d.1) Por implicar e colaborar, cando menos no 60% dos programas presentados, con outras entidades que teñan incidencia no ámbito local cuxas achegas supoñan beneficios e/ou melloras na consecución dos obxectivos: 10 puntos.

d.2) Pola súa incidencia nos ámbitos establecidos como prioritarios nesta orde: ata 10 puntos.

d.3) Pola súa adecuación aos obxectivos de promoción do uso e dinamización social da lingua galega establecidos nesta orde: ata 10 puntos.

3. Mantemento ou reforzamento dun servizo lingüístico dunha entidade local (concello ou agrupamento de concellos): ata 85 puntos.

a) Pola pertenza do/s concello/s á Rede de Dinamización Lingüística: ata 25 puntos.

a.1) Por presentar/en a solicitude de adhesión á Rede na data de presentación desta solicitude de subvención: ata 15 puntos.

a.2) Por estar/estaren o/s concello/s integrado/s na Rede de Dinamización Lingüística na data de publicación desta orde: ata 25 puntos.

b) Por poboación igual ou superior aos 3.000 habitantes: ata 10 puntos.

b.1) De 3.000-10.000 habitantes: 5 puntos.

b.2) De 10.001-30.000 habitantes. 7,5 puntos.

b.3) De 30.001 habitantes en diante. 10 puntos.

c) Pola continuidade do servizo lingüístico de forma ininterrompida durante os doce meses anteriores á data de presentación da solicitude: 10 puntos.

d) Por consideración estratéxica do servizo lingüístico (territorios especialmente desgaleguizados, segundo os últimos datos de coñecemento e uso do galego da Enquisa de condicións de vida das familias publicados polo Instituto Galego de Estatística, ou territorios considerados de especial interese para a cobertura uniforme de Galicia): ata 10 puntos.

e) Pola programación de dinamización lingüística: ata 30 puntos.

e.1) Por implicar e colaborar, cando menos no 60% dos programas presentados, con outras entidades que teñan incidencia no ámbito local cuxas achegas supoñan beneficios e/ou melloras na consecución dos obxectivos: 10 puntos.

e.2) Pola súa incidencia nos ámbitos establecidos como prioritarios nesta orde: ata 10 puntos.

e.3) Pola súa adecuación aos obxectivos de promoción do uso e dinamización social da lingua galega establecidos nesta orde: ata 10 puntos.

4. Desenvolvemento de dinamización lingüística dunha entidade local carente de servizo lingüístico (concello ou agrupamento de concellos): ata 40 puntos.

a) Pola pertenza da entidade local á Rede de Dinamización Lingüística: ata 15 puntos.

a.1) Por presentar a solicitude de adhesión á rede na data de presentación desta solicitude de subvención: 7,5 puntos.

a.2) Por estar a entidade local integrada na Rede de Dinamización Lingüística na data de publicación desta orde: 15 puntos.

b) Por consideración estratéxica do servizo lingüístico (territorios especialmente desgaleguizados, segundo os últimos datos de coñecemento e uso do galego da Enquisa de condicións de vida das familias publicados polo Instituto Galego de Estatística, ou territorios considerados de especial interese para a cobertura uniforme de Galicia): ata 7 puntos.

c) Pola programación de dinamización lingüística: ata 18 puntos.

c.1) Por implicar e colaborar, cando menos no 60% dos programas presentados, con outras entidades que teñan incidencia no ámbito local cuxas achegas supoñan beneficios e/ou melloras na consecución dos obxectivos: 6 puntos.

c.2) Pola súa incidencia nos ámbitos establecidos como prioritarios nesta orde: ata 6 puntos.

c.3) Pola súa adecuación aos obxectivos de promoción do uso e dinamización social da lingua galega establecidos nesta orde: ata 6 puntos.

O baremo axustarase ao seguinte esquema:

Modalidade	Criterios	Puntuación máxima	Puntuación total
1. Creación dun servizo lingüístico dun concello	Pola pertenza do concello á Rede de Dinamización Lingüística.	Ata 25 puntos	Ata 90 puntos
	Por poboación igual ou superior aos 3.000 habitantes.	Ata 15 puntos	
	Por consideración estratéxica do servizo lingüístico (territorios especialmente desgaleguizados, segundo os últimos datos de coñecemento e uso do galego da Enquisa de condicións de vida das familias publicados polo Instituto Galego de Estatística, ou territorios considerados de especial interese para a cobertura uniforme de Galicia).	Ata 20 puntos	
	Pola programación de dinamización lingüística.	Ata 30 puntos	
2. Creación dun servizo lingüístico de dous ou máis concellos agrupados	Pola pertenza dos concellos á Rede de Dinamización Lingüística.	Ata 25 puntos	Ata 100 puntos
	Por incluír no agrupamento un concello de poboación inferior aos 3.000 habitantes.	25 puntos	
	Por consideración estratéxica do servizo lingüístico (territorios especialmente desgaleguizados, segundo os últimos datos de coñecemento e uso do galego da Enquisa de condicións de vida das familias publicados polo Instituto Galego de Estatística, ou territorios considerados de especial interese para a cobertura uniforme de Galicia).	Ata 20 puntos	
	Pola programación de dinamización lingüística.	Ata 30 puntos	

Modalidade	Criterios	Puntuación máxima	Puntuación total
3. Mantemento ou reforzamento dun servizo lingüístico dunha entidade local (concello ou agrupamento de concellos)	Pola pertenza do(s) concello(s) á Rede de Dinamización Lingüística.	Ata 25 puntos	Ata 85 puntos
	Por poboación igual ou superior aos 3.000 habitantes.	Ata 10 puntos	
	Pola continuidade do servizo lingüístico de forma ininterrompida durante os doce meses anteriores á data de presentación da solicitude.	10 puntos	
	Por consideración estratéxica do servizo lingüístico (territorios especialmente desgaleguizados, segundo os últimos datos de coñecemento e uso do galego da Enquisa de condicións de vida das familias publicados polo Instituto Galego de Estatística, ou territorios considerados de especial interese para a cobertura uniforme de Galicia).	Ata 10 puntos	
	Pola programación de dinamización lingüística.	Ata 30 puntos	
4. Desenvolvemento de dinamización lingüística dunha entidade local carente de servizo lingüístico (concello ou agrupamento de concellos)	Pola pertenza da entidade local á Rede de Dinamización Lingüística.	Ata 15 puntos	Ata 40 puntos
	Por consideración estratéxica do servizo lingüístico (territorios especialmente desgaleguizados, segundo os últimos datos de coñecemento e uso do galego da Enquisa de condicións de vida das familias publicados polo Instituto Galego de Estatística, ou territorios considerados de especial interese para a cobertura uniforme de Galicia).	Ata 7 puntos	
	Pola programación de dinamización lingüística.	Ata 18 puntos	

Nos programas de dinamización lingüística considéranse prioritarios os que teñan por obxecto incidir desde o ámbito local nas seguintes áreas:

Ámbito	Descrición de obxectivos
Deporte	-Lograr que o galego sexa lingua de comunicación co público nas instalacións e nos acontecementos deportivos. -Conseguir a plena galeguización nos colectivos, federacións e clubs do ámbito do deporte. -Fomentar a presenza do galego na formación dos profesionais do deporte de xeito que teñan competencia e actitudes favorables para desenvolveren o seu labor en lingua galega.
Mocidade	-Estimular nas xeracións máis novas actitudes favorables que se traduzan nun uso xeneralizado do galego, superando vellos prexuízos, presións globalizadoras e inercias negativas. -Fomentar todo tipo de creatividade de base en galego, como forma lúdica de galeguización e de creación de mercado cultural. -Garantir que en galego haxa unha oferta ampla, diversificada, competitiva e atraente de produtos de cultura.
Tecnoloxías da información e da comunicación	-Fomentar a presenza do galego nas tecnoloxías da información e da comunicación. -Ampliar a oferta de produtos tecnolóxicos e de recursos informáticos en galego. -Potenciar a presenza da lingua galega na internet.
Economía	-Crear conciencia de que o uso do galego pode favorecer as relacións laborais, comerciais e bancarias. -Estender o uso da lingua nas relacións laborais, comerciais e empresariais. -Colaborar con entidades de fomento e impulso da economía (asociacións de comerciantes, centros comerciais abertos, asociacións de empresarios, cámaras de comercio, asociacións financeiras, colexios profesionais, etc.). -Promover o establecemento da oferta positiva de atender o cliente en galego como práctica comercial habitual.
Servizos sociais	-Potenciar o uso da lingua galega como elemento optimizador do desenvolvemento laboral e de eficacia na prestación de servizos sociais tanto públicos coma privados. -Fomentar que os servizos sociais desenvolvan a súa actividade desde a práctica da oferta positiva de atender os seus usuarios en galego. -Impulsar o uso da lingua galega nas institucións e organismos asistenciais e de servizos sociais, tanto dependentes da Administración como desenvolvidas por empresas privadas e organizacións sen fin de lucro. -Asociar o uso do galego a valores determinantes e prestixiados por parte da sociedade actual.

A puntuación que se lle asigne a cada proxecto obterase coa aplicación dos tramos do baremo anteriormente descrito, do que resultará que cada unha das subvencións propostas se determinará establecendo a proporción entre os puntos conseguidos e a dotación económica total da convocatoria.

Artigo 12º.-Comisión de valoración.

1. Aquelas solicitudes que cumpran cos requisitos desta convocatoria serán analizadas pola comisión de valoración que se creará para tal fin, segundo os criterios de avaliación establecidos no artigo 11º desta orde.

2. Esta comisión estará integrada polos seguintes membros:

-Presidente/a: persoa titular da Subdirección Xeral de Planificación e Dinamización Lingüística, ou persoa en quen delegue.

-Secretario/a: un membro da Secretaría Xeral de Política Lingüística, con voz pero sen voto.

-Vogais: un máximo de 3 funcionarios/as e/ou técnicos/as da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

-A persoa titular da Dirección Xeral de Administración Local, ou persoa en quen delegue.

Todos os/as vogais e o/a secretario/a serán nomeados pola persoa titular da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

3. A comisión de valoración ten atribuídas as seguintes funcións:

-Informar e valorar as solicitudes, de conformidade cos criterios de valoración establecidos nesta convocatoria. Para iso poderán contar cos informes técnicos dunha comisión de expertos nomeada pola persoa titular da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

-Propoñer a adxudicación das subvencións e valorar o seu interese.

4. A comisión quedará validamente constituída coa presenza do/a presidente/a, do/a secretario/a e da metade dos seus membros, conforme o establecido no artigo 26º.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e no artigo 19º.1 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración

xeral do sector público autonómico de Galicia (DOG nº 251, do 31 de decembro). No non previsto nesta convocatoria, o funcionamento da comisión axustarase ao réxime establecido no capítulo II do título II da dita Lei 30/1992, e no título I, capítulo I, sección 3ª da Lei 16/2010.

Artigo 13º.-*Proposta de resolución.*

A comisión valorará e elevará o informe correspondente á persoa titular da Secretaría Xeral de Política Lingüística, quen resolverá, por delegación do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, segundo o estipulado na disposición adicional da Orde do 22 de abril de 2010, de delegación de competencias nos órganos superiores e periféricos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG nº 78, do 27 de abril).

O citado informe expresará a relación de solicitantes para os que se propón a concesión de subvencións e a súa contía, especificando a súa valoración de acordo cos criterios establecidos.

Artigo 14º.-*Resolución.*

1. A resolución definitiva publicarase no *Diario Oficial de Galicia* con expresión da convocatoria, do programa e do crédito orzamentario a que se imputen, do beneficiario, da cantidade concedida e da finalidade ou finalidades da subvención e notificará-selles aos interesados propostos como beneficiarios na forma prevista no artigo 59º da Lei 30/1992. De non notificarse resolución no prazo de seis meses contados desde a publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo, todo iso sen prexuízo do establecido nos artigos 42º e 43º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

